

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE MARZO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 11 de marzo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2b e 2c, 4, 8, 9 e 10)
D^a. Aránzazu González Soengas, técnica de Prevención de Riscos Laborais (asiste aos puntos 2a e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 4 de marzo de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2) para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo.

Infórmase, así mesmo, que con data 5 de marzo de 2021 (documento nº 210036677) IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO, S.L.U. presentou escrito que se reproduce a continuación:

"A/A. Mesa de contratación del expediente 6527/24. En relación al citado expediente,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

hemos sido notificados de la exclusión de nuestra mercantil por no haber presentado muestras. Sin embargo, las muestras fueron presentadas pero por error se han asignado a un nombre de una mercantil inexistente. La razón social de nuestra empresa es IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO, S.L.U. (B47638457). Según se ha notificado, las muestras presentadas por nosotros han sido asignadas a la empresa I+DEAS DIVISIÓN CULTURAL, S.L. razón social inexistente y a la cual se le ha asignado el CIF de la empresa de transporte con la que remitimos la muestra (GESTIENTREGA, S.L. B-47692348). Las muestras presentadas corresponden a la solución hidroalcohólica que fabricamos "HA70 PHARMA" y pueden comprobar estos datos en el propio etiquetado de los envases. Rogamos se asignen dichas muestras a nuestra mercantil y seamos admitidos al procedimiento de contratación. Agradeciendo su atención, quedamos a su disposición".

En base ao referido escrito, procédese a describir o sobre A de IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO, S.L.U.

Vista a documentación anterior a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:

1. PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos
2. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO, S.L.U. (lote 3) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Así mesmo, comunica que na Plataforma de Contratos do Sector Público consta que CIVIS GLOBAL, S.L.U. presentou a súa proposición mediante pegada electrónica. Neste suposto a cláusula 14.1 do PCAP prevé o seguinte:

"No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org.

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral e feitas as correspondentes comprobacións polo Servizo de Contratación non se recibiu nin o xustificante da pegada dixital nin o sobre electrónico nas 24 horas posteriores ao prazo de presentación das proposicións.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, de todos os licitadores agás CIVIS GLOBAL, S.L.U., e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 2. EXTRACO, S.A.
 3. NAROM, S.L.
 4. UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 5. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 6. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

- b) Non admitir a CIVIS GLOBAL, S.L.U. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) para os supostos de presentación mediante pegada dixital.

c) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. UTE ACCIONA (65%) e OBRAS, PAVIMENTOS, E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. (35%)
 2. API MOVILIDAD, S.A.
 3. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 4. UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) e ORECO, S.A.U. (50%)
 5. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 6. UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. e CONSTRUCCIONES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- FECHI (50%)
7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 8. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (33,34%), XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (33,33%) e VÁZQUEZ Y REINO, S.L. (33,33%)
 9. S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACION (GESECO)
 10. UTE MANTEN, S.L. (80%) e ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (20%)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica e apertura de mostras

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241)

De conformidade co previsto na cláusula 20.1 do PCAP que rexe esta contratación, procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Desconto único (%) a aplicar aos prezos unitarios do lote 1	Desconto único (%) a aplicar aos prezos unitarios do lote 2	Desconto único a aplicar aos prezos unitarios do lote 3
1	ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)			66,01%
2	ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)	41,03%	50,16%	52,30%
3	CELTA INGENIEROS S.L. (lote 2)		45,90%	
4	CLICK COIN, S.L. (lote 2)		76,47%	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	Licitador	Desconto único (%) a aplicar aos prezos unitarios do lote 1	Desconto único (%) a aplicar aos prezos unitarios do lote 2	Desconto único a aplicar aos prezos unitarios do lote 3
5	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lotes 2 e 3)		48,07%	58,86%
6	DARLIM, S.L.U. (lotes 2 e 3)		35,00%	60,00%
7	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lotes 1, 2 e 3)	26,15%	66,35%	47,02%
8	IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)			63,93%
9	IRAGO, S.A. (lotes 1, 2 e 3)	20,00%	27,00%	60,00%
10	MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L. (lote 3)			47,00%
11	MAPE ASESORES, S.A. (lotes 1, 2 e 3)	56,45%	59,67%	50,41%
12	OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)		55,00%	60,00%
13	PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)			12,00%
14	PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2)	45,00%	55,00%	
15	PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)			20,00%
16	QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)			68,64%
17	TESIS GALICIA, S.L. (lote 3)			61,50%
18	TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)			51,00%
19	TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)		76,00%	

Asisten á sesión D. Carlos Vello Costal, con DNI ****.*64.97***, en representación COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L., D. Borja Irago Romero con DNI ****.*50.03***, en representación de IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIÓN, S.A., D^a. Noelia Rivas Fernández, con DNI ****.*73.91***, en representación de Mape Asesores, S.A e D^a. Ana Pérez López con DNI ****.*49.56***, en representación de PAZ DISMAC, S.L.

Finalizada a sesión pública, e segundo o previsto na referida cláusula, ábrese o sobre D "Mostras".

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe aos servizos xestores, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Servizo de Contratación, en relación coas mostras e coas ofertas presentadas.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguión e Vista Alegre" (684-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lembra que o 25 de febreiro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do 24 de febreiro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Durante o prazo concedido, a UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L. presenta un escrito ao que acompaña da correspondente xustificación, se ben XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. presenta escrito no que indica "Documentación para la justificación de la oferta con valores anormales de la obra "HUMANIZACIÓN DE LAS CALLES JULIA MINGULLÓN Y VISTA ALEGRE" pero non acompaña tal documentación.

O 3 de marzo de 2021 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada pola UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L. no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 3 de marzo de 2021



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 3 de marzo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a ORECO, S.A.U. por estar incurso a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas

1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L.	91,69



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación total
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,36
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	90,46
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	87,41
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,43
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	80,41

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (A-36.614.691 e B-36.682.201, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U. por estar incurso a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,24
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	90,92
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,87
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,73



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitadores	Puntuación total
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	87,07
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	84,69
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	17,05

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:56	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A548-CBDA32-D53ECD-C1EBK3-5EP7RK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		